TFG

Regulamento de organización e desenvolvemento do traballo de fin de grao. Grao en Deseño da Universidade de Vigo

Aprobado en Xunta de Facultade
o 04/10/2026

Universidade Vigo

Campus de Pontevedra

Facultade de Deseño

R/ Javier Puig LLamas, 2
36001 Pontevedra
España

Tel. 986 801 890

deseno.uvigo.gal
deseno@uvigo.gal

R/ Javier Puig LLamas, 2
36001 Pontevedra
España
Tel. 986 801 890
deseno.uvigo.gal
deseno@uvigo.gal

Regulamento de Organización e Desenvolvemento do Traballo de Fin de Grao do Grao en Deseño da Universidade de Vigo

Preámbulo

O presente regulamento ten por obxecto desenvolver a normativa da Universidade de Vigo relativa á realización dos traballos de fin de grao e establecer as condicións específicas para a organización, desenvolvemento, titorización, presentación, defensa e avaliación do Traballo de Fin de Grao do Grao en Deseño da Facultade de Deseño da Universidade de Vigo.

O Traballo de Fin de Grao constitúe unha materia obrigatoria de 12 créditos ECTS, situada no cuarto curso da titulación, mediante a cal o estudantado deberá demostrar a adquisición e integración dos resultados de formación e aprendizaxe, coñecementos, habilidades e competencias asociados ao título.

Atendendo á natureza académica e profesional do Grao en Deseño, o TFG concíbese como un traballo autónomo e orixinal no que se integran a práctica proxectual, a investigación, a experimentación e a reflexión crítica propias da disciplina do Deseño.

Este regulamento desenvólvese de acordo co establecido no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade; na normativa da Universidade de Vigo para a realización do Traballo de Fin de Grao; na normativa de estudos de grao da Universidade de Vigo; na normativa relativa á avaliación, cualificación e calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado; na memoria vixente do Grao en Deseño e demais normativa que resulte de aplicación.

O desenvolvemento do TFG ten carácter individual e require unha dedicación significativa de traballo autónomo por parte do estudantado, baixo a orientación e supervisión da persoa titora. A organización e o desenvolvemento do TFG deberán articularse atendendo, cando menos, aos seguintes aspectos: as actividades presenciais do estudantado, o traballo autónomo, a titorización e o seguimento docente, así como o proceso de presentación, avaliación e cualificación do traballo.

O presente documento ten como finalidade básica establecer o marco normativo dos TFGs da Facultade de Deseño, unificando os procedementos que faciliten o desenvolvemento da realización do TFG e os seus procesos de xestión administrativa, así como ofrecer unha garantía ao alumnado de elaboración, defensa e avaliación do mesmo.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente regulamento establece as condicións específicas para a organización, asignación, titorización, desenvolvemento, presentación, defensa e avaliación do Traballo de Fin de Grao, en diante TFG, do Grao en Deseño da Universidade de Vigo.

Será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia Traballo de Fin de Grao, así como ao profesorado que participe na súa titorización, coordinación ou avaliación.

Nos aspectos non recollidos neste regulamento aplicarase a normativa xeral da Universidade de Vigo e demais normativa de rango superior que resulte de aplicación.

Artigo 2. Natureza e finalidade do TFG

O TFG é un traballo persoal, autónomo e orixinal realizado individualmente polo estudantado baixo a supervisión dunha persoa titora.

O TFG ten como finalidade permitir ao estudantado demostrar de maneira integrada os resultados de formación e aprendizaxe, coñecementos, habilidades e competencias asociados ao título adquiridos ao longo da titulación.

O TFG deberá estar relacionado co ámbito do Deseño e ser coherente co perfil académico e profesional do Grao en Deseño.

O traballo poderá ter carácter proxectual, experimental, investigador ou combinar estas dimensións.

O TFG non poderá consistir exclusivamente na recompilación ou reprodución de información existente, senón que deberá incorporar unha contribución persoal do estudantado, xa sexa de natureza proxectual, creativa, técnica, metodolóxica, experimental, crítica ou investigadora. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo estudante nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos en actividades doutras materias do Grao.

Artigo 3. Modalidades de TFG

Atendendo á natureza específica dos estudos de Deseño, o TFG poderá adoptar as seguintes modalidades:

a) Proxecto de deseño.

Desenvolvemento dun proxecto orixinal nos ámbitos do deseño gráfico, deseño editorial, tipografía, identidade visual, deseño dixital e interactivo, deseño audiovisual, deseño de servizos, deseño de moda, deseño téxtil, deseño de complementos, embalaxe, infografía, sinalización ou outros ámbitos vinculados á disciplina, así como a combinación de varios destes ámbitos coa finalidade de constituir un proxecto máis amplo.

b) Traballo de investigación en deseño.

Investigación de carácter teórico, histórico, didáctico, crítico, metodolóxico ou experimental relacionada co deseño, coa cultura do proxecto ou con calquera dos seus ámbitos de coñecemento que inclué a formación do Grao en Deseño.

Poderanse admitir traballos de carácter interdisciplinar sempre que a súa relación coas competencias e resultados de aprendizaxe do Grao en Deseño estea suficientemente xustificada.

A modalidade elixida determinará a natureza e extensión dos resultados que se deben presentar, sen prexuízo da existencia dunha memoria académica e da correspondente defensa pública.

CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN E TITORIZACIÓN

Artigo 4. Coordinación académica do TFG

A organización académica do TFG corresponderá ao centro, sen prexuízo das competencias atribuídas á persoa encargada da coordinación da materia TFG.

Corresponderalle a este órgano, entre outras, as seguintes funcións:

a) Velar polo cumprimento deste regulamento.

b) Coordinar a oferta de temas e persoas titoras.

c) Resolver as solicitudes de asignación e cambio de tema ou titorización.

d) Propoñer e organizar os tribunais de avaliación.

e) Establecer o calendario de desenvolvemento, depósito e defensa dos TFG.

f) Resolver as incidencias académicas que se produzan durante o proceso.

g) Propoñer á Xunta de Facultade as modificacións deste regulamento que considere necesarias.

Artigo 5. Titorización

Todo TFG deberá realizarse baixo a supervisión dunha persoa titora. Tal e como dispón a normativa da realización do TFG da Universidade de Vigo art. 2.6: «as tarefas de titorización, avaliación e cualificación forman parte das obrigas docentes do profesorado». A titorización, avaliación e cualificación do TFG da Facultade de Deseño é una obriga docente de todo o seu profesorado con vinculación a tempo completo, sendo a Universidade de Vigo a responsable de establecer as formas dos seus correspondentes recoñecementos docentes.

Poderá exercer a titorización o profesorado da Universidade de Vigo que cumpra os requisitos establecidos pola normativa xeral da Universidade e que teña vinculación académica coa titulación ou coñecementos adecuados para a supervisión do traballo. Previa autorización do Centro, o profesorado asociado poderá supervisar de xeito voluntario TFGs se teñen relación directa coas materias incluídas no seu contrato, ata un máximo de TFGs correspondentes a 16 horas de recoñecemento.

O TFG poderá contar, cando a natureza do proxecto o xustifique, con dúas persoas titoras.

Cando concurran causas de baixas prolongadas ou a vinculación da persoa titora finalizara coa Universidade de Vigo, a persoa coordinadora do TFG do centro nomeara a/o titora/or substituta/o e elevará a súa proposta ao centro ou no seu caso á Xunta de Facultade.

Corresponde á persoa titora:

a) Orientar o estudantado na delimitación e viabilidade do TFG.

b) Asesorar sobre metodoloxía, planificación e desenvolvemento.

c) Realizar o seguimento do traballo.

d) Orientar a preparación da documentación e da defensa.

e) Emitir, cando corresponda, os informes previstos no procedemento establecido polo centro.

f) Corresponde ao alumnado titorizado atender os prazos administrativos e seguir as directrices académicas do titor e do tribunal.

A titorización non implica responsabilidade sobre o resultado final do traballo. A autoría e responsabilidade académica do TFG corresponden ao estudante ou estudante que o realiza. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertenzan, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente. A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da UVigo; debendo, no caso de varias persoas titulares, todas elas estar de acordo na dita autorización.

Artigo 6. Oferta de temas

Cada curso académico establecerase unha oferta suficiente de temas ou liñas de traballo e persoas titoras. Garantirase que se poidan desenvolver traballos con temas relacionados cos contidos específicos da titulación, e que o estudantado das orientacións de mención do Grao en Deseño poida realizar o seu TFG dentro da temática do itinerario que estea a cursar.

O centro publicará coa suficiente antelación as liñas abertas de traballo e as persoas docentes asignadas a cada unha de elas. O estudantado poderá solicitar desenvolver a súa propia proposta dentro desas liñas e sempre que sexa compatible cos obxectivos e competencias da titulación.

O TFG deberá constituír un traballo de suficiente entidade, complexidade e alcance, acorde coa súa carga académica e co nivel de competencias propio da titulación. Deberá presentar un desenvolvemento amplo, rigoroso e profesional, que integre de maneira coherente as distintas fases do proceso de deseño. Non se considerarán adecuados como TFG proxectos menores, actuacións illadas ou propostas de alcance limitado que, pola súa dimensión ou complexidade, non permitan demostrar de maneira suficiente a integración dos coñecementos e competencias adquiridos ao longo do Grao.

Corresponderalle á persoa titora orientar e, de ser necesario, reorientar a proposta e o seu desenvolvemento co fin de garantir que o TFG acade a entidade, complexidade, alcance e nivel de desenvolvemento esixibles.

Artigo 7. Asignación de tema e titorización

O procedemento e os prazos de solicitude de persoas titoras serán establecidos para cada curso académico e faranse públicos con suficiente antelación por parte do centro.

O centro, a proposta da coordinación do TFG, establecerá un calendario para o proceso de adxudicación de docentes titoras/es do TFG e temáticas, así como unha listaxe de profesorado dispoñible para realizar as tarefas de titorización dentro no primeiro cuatrimestre do curso académico.

O alumnado deberá realizar no periodo indicado:

Un breve pre-proxecto de TFG.

Unha listaxe de ata 4 persoas titoras por orde de preferencia.

Sempre que sexa posible respectaranse as preferencias manifestadas polo estudantado.

Cando a demanda dunha persoa titora supere a capacidade dispoñible, ou existan desequilibrios entre as solicitudes, o centro proporá unha adxudicación que intente respectar as preferencias do alumnado.

Poderanse reclamar fronte a estas adxudicacións no prazo de sete días naturais ante o órgano establecido na normativa interna do centro.

A asignación de titorización terá unha vixencia máxima de dous cursos académicos, sempre e cando tanto a persoa titora como o alumno/a estén dacordo. Una vez transcurrido terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.

O estudantado poderá solicitar motivadamente un cambio de tema ou de persoa titora. Do mesmo xeito, a persoa titora poderá solicitar deixar a titorización cando existan circunstancias debidamente xustificadas. Ditas solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes dende a adxudicación da titorización. Corresponderá ao centro resolver estas solicitudes e adxudicar as novas titorizacións.

CAPÍTULO III. DESENVOLVEMENTO DO TFG

Artigo 8. Matrícula

A matrícula do TFG realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao, e será requisito imprescindible para realizar dita matrícula ter matriculadas todas as materias requeridas para finalizar o plan de estudos.

A matrícula do TFG dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa.

Artigo 9. Desenvolvemento e seguimento

O TFG deberá ser desenvolvido de maneira autónoma polo estudantado, baixo a orientación da persoa titora. O TFG posuirá, seguindo a guía docente da materia, horas de traballo presenciais estipuladas nas clases correspondentes ademáis do traballo autónomo.

O proceso de titorización poderá incluír reunións de seguimento, revisións intermedias, presentacións de avance ou outras actividades que se establezan na guía docente.

A persoa titora poderá advertir ao estudantado cando considere que o desenvolvemento ou nivel alcanzado polo traballo non resulta axeitado para a súa presentación.

As actividades de titorización e seguimento do TFG desenvolveranse preferentemente de xeito presencial, podendo desenvolverse a distancia, mediante os medios telemáticos habilitados pola Universidade de Vigo ou outros sistemas que permitan unha comunicación adecuada entre o estudantado e a persoa titora en casos xustificados.

A modalidade e periodicidade das sesións de titorización estableceranse de común acordo entre a persoa titora e o estudantado, atendendo ás características e necesidades do traballo. Cada persoa titora establecerá o seus criterios mínimos de titorización para poder realizar un informe positivo. Nos casos no que o estudantado non cumpra estes criterios mínimos o informe será negativo.

Artigo 10. Estrutura do TFG

Con carácter xeral, o TFG estará constituído por:

a) Producto resultado da investigación desenvolvida*. Atendendo á natureza do proxecto, poderá materializarse mediante pezas gráficas, publicacións, identidades visuais, tipografías, interfaces, aplicacións, sitios web, produtos dixitais, fotografías, vídeos, animacións, prototipos, obxectos, maquetas, pezas téxtiles ou de moda, coleccións, instalacións ou calquera outro resultado propio da práctica do deseño.

b) Unha memoria académica dixital do TFG conforme á estrutura da modalidade elexida.

c) A defensa pública.

* Nos TFG con modalidade de investigación en deseño, estará constituido únicamente por los puntos b) e c).

A memoria deberá adecuarse á naturaleza do TFG e incluir a seguinte estructura:

Memoria modalidade a) Proxecto de deseño.

Título

Resumo

(en tres idiomas: galego, español e inglés)

Palabras clave

Introdución

Xustificación

Obxectivos

Marco conceptual e referencial

Metodoloxía

Formulación do proxecto

Investigación e análise

Desenvolvemento do proceso de deseño

Resultados / proposta final

Conclusións

Limitacións do proxecto

Liñas futuras do proxecto

Referencias bibliográficas

Anexos

Memoria modalidade b) Traballo de investigación en deseño.

Título

Resumo

(en tres idiomas: galego, español e inglés)

Palabras clave

Introdución

Xustificación

Obxectivos

Marco teórico e referencial

Metodoloxía

Intervención / proposta / estudo de caso

Resultados

Conclusións

Limitacións da investigación

Liñas futuras de investigación

Referencias bibliográficas

Anexos

Os formatos técnicos, sistemas de entrega, límites físicos e requisitos de documentación serán establecidos polo centro para cada curso académico.

A redacción e defensa do TFG poderán realizarse en calquera dos dous idiomas oficiais da Universidade de Vigo, Galego e Castelán.

CAPÍTULO IV. DEPÓSITO E DEFENSA

Artigo 11. Depósito do TFG

Para proceder á avaliación, o estudantado deberá depositar o TFG dentro dos prazos establecidos no calendario de TFG para cada convocatoria.

O depósito realizarase a través dos medios establecidos pola Universidade de Vigo.

O estudantado deberá entregar todos os elementos necesarios para permitir unha correcta avaliación do traballo.

O depósito implicará a declaración de autoría e orixinalidade do TFG e o cumprimento das normas de integridade académica.

Artigo 12. Tribunais de avaliación

Os TFG serán avaliados mediante o sistema establecido polo centro de acordo coa normativa xeral da Universidade de Vigo.

Os tribunais serán colexiados e estarán constituídos polo número de membros establecido na normativa da Universidade de Vigo (tres membros) e designaranse as persoas titulares e suplentes necesarias.

Na composición dos tribunais procurarase a adecuación entre os perfís académicos ou profesionais das persoas integrantes e a natureza dos TFG que deban avaliar.

Cando a especificidade dun TFG o aconselle e a normativa da Universidade o permita, poderán participar persoas especialistas externas á Universidade de Vigo.

A persoa titora dun TFG non formará parte do tribunal encargado de avalialo.

Artigo 13. Presentación e defensa pública

O TFG será obxecto dunha presentación e defensa pública ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.

O centro, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, establecerá un calendario de celebración das defensas dos traballos fin de grao dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo. En calquera caso deberá garantirse o cumprimento das horas de traballo correspondentes aos ECTS do TFG.

Cada estudantes solicitará a defensa do TFG unha vez recibido o informe favorable da persoa titora. O centro establecerá o procedemento de depósito do traballo e os prazos para realizar a solicitude de defensa no calendario correspondiente.

Así mesmo o centro establecerá a estructura e a duración da defensa pública do TFG.

O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. No caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recepcionaran todas as actas, a secretaría do centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

Atendendo á natureza do TFG, a presentación poderá apoiarse en medios gráficos, audiovisuais, dixitais, interactivos, prototipos, maquetas, pezas físicas ou outros recursos.

Finalizada a exposición, o tribunal poderá formular preguntas, solicitar aclaracións ou debater co estudante sobre calquera aspecto relacionado co traballo.

A duración da exposición e do período de preguntas establecerase no calendario de defensa aprobado para cada curso.

A defensa será presencial, salvo nos supostos nos que a normativa da Universidade de Vigo permita outra modalidade.

CAPÍTULO V. AVALIACIÓN

Artigo 14. Criterios de avaliación

A avaliación do TFG terá en conta a adquisición das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos na memoria da titulación.

Con carácter xeral, valoraranse:

a) A pertinencia, interese e complexidade do tema ou problema abordado.

b) A capacidade de investigación, análise e contextualización.

c) A metodoloxía e o proceso de deseño desenvolvido.

d) A calidade conceptual do proxecto.

e) A calidade formal, funcional, técnica e, cando proceda, artística dos resultados.

f) A capacidade de experimentación, innovación e toma de decisións.

g) A coherencia entre os obxectivos, o proceso e os resultados.

h) A calidade da memoria e da documentación presentada.

i) A correcta utilización e identificación das fontes.

j) A calidade da presentación e da comunicación do proxecto.

k) A capacidade de argumentación e defensa das decisións adoptadas.

l) A valoración crítica dos resultados e das posibles vías de desenvolvemento futuro.

Artigo 15. Cualificación

A cualificación do TFG expresarase de acordo co sistema establecido pola normativa universitaria vixente.

O tribunal colexiado, conformado por tres membros avaliará o TFG cun peso do 80% da nota final. O titor/a terá dereito a intervir unha vez rematada a presentación, e deberá emitir una calificación correspondente ao 20% da nota final. O tribunal poderá solicitar ao titor/a as aclaracións que considere oportunas sobre o traballo co obxectivo de realizar unha avaliación completa incluída o proceso de traballo.

A concesión da cualificación de Matrícula de Honra realizarase de acordo coa normativa vixente e de xeito coordinado entre os tribunais avaliadores.

Artigo 16. Revisión e reclamación

A revisión e reclamación das cualificacións do TFG realizaranse conforme aos procedementos e prazos establecidos pola normativa da Universidade de Vigo sobre avaliación e cualificación do estudantado. O tribunal establecerá un periodo de reclamacións no prazo mínimo de 48 horas dende a publicación das notas.

CAPÍTULO VI. SITUACIÓNS ESPECÍFICAS

Artigo 17. TFG realizados no marco de programas de mobilidade

O estudantado participante en programas de mobilidade poderá solicitar a realización do TFG noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. O centro, unha vez a probada a solicitude, solicitará unha persoa titora na universidade de destino e designará á persona responsable do intercambio no centro como cotitora aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na universidade de destivo e o visto e prace da persoa responable do intercambio da Universidade de Vigo.

A universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do TFG.

CAPÍTULO VII. INTEGRIDADE ACADÉMICA, AUTORÍA E DIFUSIÓN

Artigo 18. Autoría e integridade académica

O TFG deberá ser un traballo orixinal realizado polo estudante ou estudante que o presenta.

Todas as fontes, recursos e contribucións alleas empregadas deberán identificarse e citarse adecuadamente.

O plaxio, a apropiación de traballos alleos, a falsificación de resultados ou calquera outra práctica contraria á integridade académica estará sometida ao establecido na normativa da Universidade de Vigo.

O emprego de ferramentas dixitais, sistemas automatizados ou ferramentas de intelixencia artificial deberá respectar os criterios establecidos pola Universidade de Vigo e as instrucións recollidas na guía docente.

Cando se empreguen ferramentas de intelixencia artificial xerativa de maneira relevante para o desenvolvemento do TFG, o seu uso deberá ser declarado e documentado na forma que se determine, indicando a finalidade e alcance da súa utilización.

En ningún caso o uso destas ferramentas poderá substituír a autoría, a capacidade crítica, a toma de decisións nin a adquisición das competencias que deben ser demostradas polo estudantado.

Artigo 19. Propiedade intelectual e industrial

A autoría e os dereitos derivados dos TFG rexeranse pola lexislación sobre propiedade intelectual e industrial e pola normativa da Universidade de Vigo.

Artigo 20. Arquivo, difusión e exposición

O centro poderá establecer sistemas de arquivo dos TFG e promover a difusión daqueles traballos que resulten de especial interese académico, profesional ou cultural.

A difusión pública, publicación ou incorporación a repositorios institucionais realizarase respectando os dereitos de autoría, propiedade intelectual, protección de datos e, de ser o caso, os compromisos de confidencialidade existentes.

O centro poderá organizar exposicións, publicacións, mostras, arquivos dixitais ou outras actividades destinadas a dar visibilidade aos TFG.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Desenvolvemento do regulamento

O centro poderá elaborar e aprobar instrucións, procedementos, modelos, rúbricas e documentos complementarios necesarios para o desenvolvemento deste regulamento, sempre que non contradigan o seu contido nin a normativa de rango superior.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Linguaxe inclusiva

As referencias realizadas neste regulamento a persoas ou cargos entenderanse efectuadas sen distinción de xénero.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O centro establecerá, se fose necesario, as medidas transitorias aplicables ao estudantado matriculado no TFG no momento da entrada en vigor deste regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Interpretación

Corresponderá ao centro resolver as cuestións de interpretación e as situacións non previstas neste regulamento, respectando en todo caso a normativa da Universidade de Vigo e demais normativa de rango superior.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta da Facultade de Deseño, sen prexuízo dos requisitos de publicación ou comunicación establecidos pola Universidade de Vigo.